Amigas e amigos

Coa miña gratitude ao profesor Lozano e a María Inés Cuadrado a súa voz cálida e amorosa como un ventiño do mar que trae a luz dun mencer de primavera e a vostedes por me acompañar nesta leitura dos meus poemas que lles lerei coa mesma ternura que foron feitos, adícolle este acto á [...]

Mais quixera antes de nada facerlles entrega do arrecendo dunha ponliña de loureiro que traio dos vales de Ourense e mais dun anaco de nube púrpura e traio na ponta dos meus dedos, o anil grisallo do solpor sobre o mar da Mariña luguesa tráiolles unha raiola de luz parpadexante e antiga.

Da torre de Hércules no mar do Orzán coruñés, que día a día guía aos nosos mariñeiros e mais dun reflexo prateado que un peixe prateado espellou no mar da Guarda onde o pai Miño desemboca as súas augas nutricias que atravesan toda a nación dos galegos, o fermoso país que despide ao sol no Fisterra de Europa e no Fisterra da nosa terra neboenta e luminosa, tráiolles nas azas dunha volvoreta cor violeta e dun cabaliño do demo un salaio do noso país, un suspiro da nai que bota de menos aos seus fillos, traio todas esas cousas inmateriais que habitan o noso país, os pequenos camiños que xunguen as badaladas das campás románicas e os mil ríos do noso país porque a nosa terra bótalles de menos como a nai que viu partir aos seus fillos e fillas e traio tamén a gratitude a este povo, a esta nación fértil e fermosa por os ter acollido para ser semente da súa semente, sangue do seu sangue, por ter trazado con todos e cada un de vostedes a liña da vida das súas mans traballadoras de todos os oficios e todos os saberes.

Cando Galicia dá á luz a cada un dos seus fillos ela renace e pon neles como a estrela que Rosalía levaba na frente, unha historia milenaria que deu a cultura máis elevada da humanidade, a súa cultura singular e atlántica que nin a romanización foi capaz de asimilar, senón de sumar a súa á dos fillos do atlántico o e das chairas e vales habitadas polos homes e mulleres que humanizaron as terras que baixan dos altos cumes do Caurel á foz do Miño.

O reino da Gallaecia que deu á cristianismo a súa visión, a máis humana do deus, a Gallaecia que disputou a Roma o centro da cristiandade e foi inmolado un dos seus fillos máis ilustres, Prisciliano. Que foi o primeiro reino altomedieval da Europa, unha das dúas realidades da península ibérica: a Gallaecia cristiá e a Hispania árabe, e alí foi creada a invención do sepulcro do apóstolo Santiago sobre a tumba dun home importante da cultura precristiá no campo da estrela, a Compostela de hoxe, i tráiolles un abrazo, o abrazo non do Santiago Matamouros que era símbolo do imperio, que coa súa espada de lume foi compañeiro da colonización do imperio español, tráiolles un abrazo que ten algo do Santiago que viaxeiro trouxo a cultura de Europa a nós e levou a nosa cultura a Europa, pois como dixo o grande escritor Goette, Europa fíxose viaxando a Compostela.

Tráiolles un abrazo que vén dese outro Santiago, o máis galego, sentado no centro do pórtico da Gloria á porta de entrada ao fogar que nos recibe para nos pór pan na mesa e lume no fogar para descansar das feridas da vida.

Galiza dálle a cada un dos seus fillos ao nacer un idioma que provén dunha familia de alta estirpe, que afunde a súa raíz no latín vulgar que falaban os fillos de Roma ou os fillos da Gallaecia que traballaban para Roma.

Nacéronno os nosos devanceiros para nós e foi escrita nel un dos cumes máis altos da lírica da humanidade, os cancioneiros galego portugueses, e a nosa foi a lingua lírica de todos os reinos cristiáns da península ibérica. Hoxe con nós vive e continuará nos nosos fillos a súa existencia.

Tráiolles todo o mar da Galiza a esta terra que piso por vez primeira mais na que estiven sempre, pois desde os máis tenros recordos da infancia habitaron o meu cotidiano nas conversas da miña nai coas súas amigas da infancia que de cando en vez nos visitaban no Maside de aquel tempo, nos familiares dos veciños de porta que recibían cartas de Bos Aires, de Córdoba e de Rosario i nos

primeiros libros que recibiamos de Arxentina, prohibidos pola dictadura franquista e que nos falaban de que houbo un tempo no que no noso país reinou a liberdade, e que o idioma galego foi o idioma dos escritores e dos pensadores o idioma dun país.

De Bos Aires chegoume o *Sempre en Galiza*, que neste ano cumple o seu sesenta aniversario, nunha edición de peto no que lin porque Galiza era unha terra diferenciada cunha cultura propia e que tiña o direito a rexir os seu destino.

Ao Bos Aires de Castelao e de Luís Seoane e de Blanco Amor e de Dieste e de todos vostedes veño a lles falar da poesía galega da miña xeración, xeración á que por mor da guerra do trinta e seis lle foron expropiados os seus pais literarios, pois a diferencia dos cataláns e vascos e españois, en xeral nós non tivemos os nosos exiliados na Francia ou no Portugal, nós tivemos os nosos exiliados na Arxentina, co que, entre a distancia xeográfica real e a distancia que impuña a dictadura de Franco e que a diferencia do español o galego e o catalán e o euskera, estaban prohibidos, mais a literatura e a poesía en concreto, é un froito fillo da historia da súa dialéctica coa historia.

Así, dispois do 1975 ano da morte de Franco, que fai que a recuperación de liberdades democráticas cree unha nova xeración de poetas e escritores e aos xa existentes lles devolva un novo xeito de ollar o mundo, esta nova etapa significou a oficialidade do idioma galego e a súa entrada no ensino, polo que aparece un novo leitorado. É o tempo creación da Asociación de Escritores en Lingua Galega, na que participei e hoxe comparto funcións directivas. Esta nova etapa fai que se pase de participar poeticamente na recuperación dunhas liberdades sociais a que o poeta volva os ollos cara o seu interior o dos seus sentimentos cara ao individuo e a súa identidade e así é definida de novo a poesía e é redefinida a súa función social e participar como unha literatura normal dentro do devir da cultura universal, e ter como calquer literatura, poder ollar nela a configuración dun pobo como o galego un pobo con vida na que algunha das súas características son

a) a miña xeración ten anceios de renovación duna nova estética literaria.

b) concebimos a poesía como un lugar no que experimentar coas palabras do noso idioma para lle dar ao galego unha nova linguaxe á altura dos novos tempos.

c) preocupámonos pola estructura formal dos poemas que denota un delicado proceso de elaboración.

d) aparecen novos temas nos nosos poemas como son o intimismo e o erotismo.

e) pensamos que para facer unha boa poesía galega culta nós os poetas temos que ter unha formación literaria profunda nos valores literarios propios do país e de outras culturas.

f) dámoslle aos poemas contidos culturais e mesmo míticos de outras épocas como o celtismo, os mitos gregos etc.

g) aparecen por vez primeira poéticas que fixan o seu lugar nos medios urbanos e marxinais.

h) fixamos os nosos ollos na cultura e na poesía de Portugal e Brasil, pois compartimos a mesma árbore do idioma, somos irmas xemeos, dúas ponlas da mesma árbore.

i) a terra a nosa terra convértese no grande tema dos nosos poemarios desde as máis diversas perspectivas. Na miña poesía en concreto a comunión coa natureza, que é un interlocutor intimo de amor e desamor, como interlocutor persoal e quizais como espello do máis intimo no que se ollar e conversar para facer desaparecer a soidade.

j) outro dos grandes temas da poética da miña xeración é o amor que se apoia nos cancioneiros medievais e incorpora outras temáticas, como o sentimentos do ser namorado coa nostalxia pola súa ausencia e o desconcerto polo paso do tempo.

i) unha poética a nosa que avívese as lembranzas do seres queridos desaparecidos e a busca eterna da inocencia da infancia e a nostalxia polos espacios pasados e tempos que pasaron e que nunca máis volveremos a ter.

k) en definitiva, a miña xeración poética pensou sempre que o poeta nunca é alleo á súa biografía como alimento da súa poesía.